



VI 2306

Eu caseime

con aquela malandrona.

Nin se lava nin se peina,

anda feita unha porcona.

Nin sabe lavar un plato

nin tampouco unha escudela

i un día de cabreado

barrín a casa con ela.

Agharreina polos pelos

e loveina xunto a nai:

“Aquí ten a súa filla
que non sabe traballar.”

“A miña filla traballa
seghún dicen os veciños.”

“A súa filla traballa
de lingua polos camiños.”

“Vaite daí, ghalopín
semaghante calavera
non me decías tú iso
cando falabas con ela.”

“Quando falaba con ela
inda non lla conecía.
Ahora que lla conozo
aí ten á súa filla.”